

O sector gandeiro galego fronte ao cambio climático (II)



Medidas de mitigación do cambio climático do sector gandeiro.

A gandería, ademais de sufrir as consecuencias do cambio climático tamén inflúe emitindo certos gases de efecto invernadoiro.



A mellora na alimentación do gando supón unha redución na emisión de gases.

1. N_2O (óxido nítrico): emisións procedentes do chan, debidas principalmente ao uso de abonos nitróxenos.
2. CH_4 (metano): emisións procedentes da fermentación intestinal dos animais ruminantes.
3. Emisións de CH_4 e N_2O procedentes da xestión dos xurros.

Polo que nos atopamos con un sector que emite gases de efecto invernadoiro pero ao mesmo tempo ten a capacidade de reducilos con técnicas e prácticas sinxelas:

-Para controlar a produción de metano (CH_4) no intestino dos ruminantes débense adoptar estratexias nutricionais como: controlar mellor o alimento proporcionado aos animais, empregar alimentación a base de concentrados de pensos de acordo co estado fisiolóxico e tipo de animal, subministrar aceites especiais na dieta, optimizar a toma de proteína para reducir a excreción de nitróxeno, aumentar o número de clases de alimento utilizadas en cada fase para axustarse mellor ás necesidades dos animais, reducir o contido en proteína bruta da ración e complementala con aminoácidos sintéticos para que o rendemento non diminúa, utilizar fontes de fósforo máis dixeribles.

-Para reducir as emisións de metano (CH_4) e óxido nítrico (N_2O) procedente da xestión e almacenamento de xurros

pódense empregar técnicas de arrefriado, usar cubertas, separar a parte sólida da líquida, capturar o metano mediante técnicas de lavado de gases, reducir a superficie de chan enreixado e de foso, utilizar materiais lisos e non porosos para as reixas, aumentar a frecuencia de retirada de xurro, establecer plans de xestión dos xurros, separar as augas de choiva, axitar minimamente o xurro, etc.

Máis información na Eco guía "O sector gandeiro galego fronte ao Cambio Climático" dispoñible na sección "Documentos" da web do proxecto.



Encontro entre técnicos do proxecto e técnicos do CAP en Barcelos (Portugal).

Actualidade da Campaña LIFE+ "CAMBIAR O CAMBIO"

Técnicos da Campaña LIFE+ "Cambiar o Cambio" mantiveron os pasados 12 e 13 de agosto o primeiro encontro transnacional con técnicos da Confederação dos Agricultores de Portugal para realizar a transferencia de información en canto a temas referentes a Cambio Climático e coñecer a experiencia de outros proxectos medioambientais que se están a realizar no país veciño.

Para máis información pódese consultar a web www.unionsagrarias.org/life+cambiarocambio

"Coa contribución do instrumento financeiro LIFE da Comunidade Europea".

Este material non expresa necesariamente a visión da Comisión.